



PLATAFORMA EN DEFENSA DO SISTEMA PÚBLICO GALEGO DE SERVIZOS SOCIAIS

O Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (Ceeg) sumouse á Plataforma en defensa do Sistema Público Galego de Servizos Sociais, subscribindo o manifesto e participando activamente nas iniciativas emprendidas para avanzar no que entendemos é un dereito universal: a garantía duns **servizos sociais públicos** e de calidade.

O manifesto establece o seguinte **Decálogo** de medidas urxentes a implementar polo Sistema Galego de Servizos Sociais:

1. Desenvolvemento da Lei 13/2008 do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia en vigor dende o 18 de marzo de 2009, na que se definen os servizos sociais como un sistema público de servizos, constituíndose no cuarto pilar do benestar xunto coa educación, a sanidade e a seguridade social; recoñece **o dereito aos servizos sociais como un dereito subxectivo das persoas**, do conxunto da poboación, e obriga a incluír nos orzamentos anuais da Xunta e das entidades locais as **partidas necesarias para o financiamento do sistema galego de servizos sociais**.
2. Implantación xeralizada da **Tarxeta Social Galega**, de carácter persoal e intransferible, que acredita como titular do dereito ao acceso aos servizos sociais: Posta en marcha do **Expediente social básico único** e do **Mapa galego de servizos sociais** no que se definen as áreas sociais e se establecen os criterios de dotación de centros e de servizos en todo o territorio galego.
3. Aprobación e desenvolvemento do **Catálogo de servizos sociais** definido na Lei de servizos sociais de Galicia.
4. Dotación dos medios precisos á **Axencia Galega de Servizos Sociais** para a súa posta en funcionamento e o cumprimento das súas funcións.
5. Revisión urxente da regulación legal da **renda de integración social de Galicia** establecida na Lei 9/1991, do 2 de outubro, de medidas básicas para a inserción social, e elaboración e aprobación dunha nova **lei de inserción social de Galicia**.
6. Determinar os equipamentos, persoal profesional e equipos técnicos interdisciplinares en cada nivel de actuación da estrutura básica dos servizos sociais, tanto municipal como comarcal. Fixando as titulacións e as cualificacións profesionais e os ratios de cobertura dos equipos de traballo. Todo isto coa aprobación do Consello Galego de Benestar Social e a Mesa Galega de Servizos Sociais.
7. Consolidación da rede de Oficinas de Igualdade e Benestar e a súa ampliación que garanta unha eficaz cobertura das necesidades, dotadas de equi-

pos profesionais interdisciplinares que actuando en rede complementen o labor dos servizos sociais comunitarios básicos dos concellos en relación coas situacións de exclusión e desigualdade social.

8. Consolidación da xestión pública dos centros de atención xerontolóxica que atenden a persoas en situación de dependencia ou en risco de padecela, en particular a rede de Centros de Día. Consolidación de programas de proximidade que vertebrén e cubran homoxeneamente a atención en toda Galicia.
9. Constitución inmediata dos órganos de participación recollidos na lei, nomeadamente o **Consello Galego de Benestar Social** e a **Mesa Galega de Servizos Sociais**.
10. Constitución da **Comisión Interdepartamental de Servizos Sociais e Inclusión Social**, que asuma, ademais das funcións previstas no artigo 65º desta lei, as funcións establecidas no artigo 54 da Lei 9/1991, do 2 de outubro, de medidas básicas para a integración social.

Ante a inminente privatización de centros de día de nova creación nos concellos de Begonte, Culleredo, Porriño, Rois, San Sadurniño, Tomiño e Xinzo, está planificada a celebración de reunións informativas nestes concellos, co obxectivo de:

- Presentar a Plataforma, para incrementar o apoio de entidades e persoas individuais.
- Denunciar publicamente a medida adoptada polo actual goberno, facendo explícitas as implicacións que leva consigo a privatización, no tocante ao "aforro" en calidade e á eliminación das figuras profesionais de Educación Social, Fisioterapia e Enfermería no que denominan "perfís técnicos imprescindibles".

Animámosvos a sumarvos a esta iniciativa, individualmente e/ou dende a entidade na que traballedes, para facer presión na Administración Pública, máxima responsable dos servizos sociais.

Máis información en:

defensa.servizossociais.publicos@gmail.com
 Concheiros, 33-1º Santiago de Compostela
 Tlf.: 662307019 / 686506858

ACTUACIÓNS REALIZADAS

- Encontro con Dna. Carme Adán Villamarín, Parlamentaria do Grupo BNG, a petición dela mesma, para dialogar acerca da incorporación da figura de educadoras/es sociais no sistema educativo. Confirmou que presentará no Parlamento unha Proposición non de lei para o seu debate en Comisión, sobre este asunto.
- Reunión do Equipo de Traballo para a elaboración do Plan Estratéxico do Ceesg.
- Reunión con D. Manuel Aguilar López, Director da Obra Social Caixa Galicia, para presentar o plan de formación do Ceesg para o ano 2010 e solicitar a colaboración da Obra Social no desenvolvemento do mesmo.
- Designación de Laura Cruz López como representante do Ceesg no programa *Verifica*, por baixa laboral da anterior representante. O programa *Verifica* é organizado pola ACSUG (Axencia de Calidade do Sistema Universitario de Galicia) e a ANECA (Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación) para avaliar os títulos de grado de cada universidade. O Ceesg está representado na Comisión de Avaliación das titulacións da rama xurídico-social, avaliando as titulacións das universidades galegas.
- Entrevista cun xornalista da Axencia Galega de Noticias para elaborar unha reportaxe sobre violencia de xénero entre adolescentes.
- Entrevista coa Fundación Preescolar na Casa, que será emitida en próximas datas na Radio Galega.
- Encontro coa educadora social Ana Fernández Martínez, co obxecto de obter información para a tese de doutoramento que está preparando sobre Educación Social e menores inmigrantes.
- Asistencia á Xornada "*Las familias de menores en situación de riesgo y la prevención de las drogodependencias*", que tivo lugar o día 29 de marzo en Santiago de Compostela, organizada pola Subdirección Xeral de Familia e Menores, da Secretaría Xeral de Familia e Benestar.
- En relación á Plataforma en defensa do sistema público galego de servizos sociais:
 - Asistencia á reunión do día 11 de marzo en Santiago de Compostela. Na mesma nomeáronse a Laura Cruz López e Duarte Crestar Pena como integrantes da Comisión de Coordinación da Plataforma, que se reunirá quincenalmente.
 - Asistencia o día 18 de marzo en Santiago de Compostela á rolda de prensa na que se fixo pública a Presentación da Moción Parlamentaria que a Plataforma presentou aos tres grupos parlamentarios coincidindo co primeiro ano de entrada en vigor da Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia, que recolle os principais incumprimentos e dilacións no desenvolvemento desta Lei, e insta ao goberno da Xunta para o axeitado cumprimento desta normativa.
 - Asistencia á reunión da Comisión de Coordinación o día 25 de marzo.
- Celebración da Asemblea Xeral Ordinaria do Ceesg, que tivo lugar o día 26 de marzo na sede do Ceesg.
- Envío de escrito a Dna. Beatriz Mato Otero, Conselleira de Traballo e Benestar, e a D. Roberto Rodríguez Martínez, xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, en relación á convocatoria para a licitación da contratación da xestión do servizo público asistencial, en réxime de concesión, de diversos centros de día do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. No mesmo, expoñemos o noso desacordo con este tipo de xestión indirecta, e manifestamos ademais que o feito de non contar co perfil do educador/a social como imprescindible supón un paso atrás no servizo. Informamos das funcións que educadoras/es sociais podemos desenvolver neste eido e que esperamos reconsideren esta cuestión en posibles vindeiras ocasións. Enviamos copia deste escrito tamén a Directora Xeral de Función Pública e a Secretaria Xeral de Familia e Benestar.

ARTIGO DE INTERESE: TÉCNICAS TEATRAIS PARA A INTERVENCIÓN SOCIAL

Ás veces acontece, e creo que non é algo orixinal, que na práctica profesional, a pesar de tempo dedicado á avaliación, a revisar o traballo feito, faltan momentos nos que reformular realmente o modo de intervir. Para iso é necesario ademais de analizar a metodoloxía empregada, ver novas maneiras de facer, levantar a vista e aprender para poder reorientar o noso labor, innovar e achegarnos cada vez máis a un obxectivo fundamental da intervención social: que as persoas coas que traballamos sexan máis protagonistas nos seus procesos persoais de maneira que o noso traballo deixe de ser necesario.

Para poder reorientar a nosa actividade débese incidir na busca de ferramentas máis funcionais e tamén máis atractivas. Nesta busca, neste intento de aprender outras formas de intervir a última fin de semana do decembro pasado participei nun curso denominado "**Técnicas teatrais para a intervención social**" impartido en Santiago por Chusa Pérez, fundadora da compañía *Los Últimos Teatro*. A proposta do curso, fundamentalmente experiencial, era achegarnos ao coñecemento de técnicas teatrais tales como o teatro foro, teatro encontro, contra discurso e "contra Goliat", baseadas en propostas do Teatro do Oprimido de Augusto Boal.

A dinamizadora do taller partiu, nas súas propias palabras, desta formulación: "*o teatro pénsase, reinvéntase, descóbrese da man dos últimos, eses que parece que non contan na nosa sociedade e que non obstante son os que sosteñen coas súas vidas as grandes experiencias do ser humano*". Durante as sesións tratou de achegarnos, mediante a realización de diversas dinámicas, a modos de traballo que transcendían o puramente representativo para deixar entrever o modo de ser e facer de cada participante, de modo que mostrásemos a nosa voz (aínda que non falásemos).

Se isto o trasladamos aos nosos ámbitos de intervención poderíamos conseguir que resoe a voz das persoas coas que traballamos, por medio de actividades que nos levan ao campo do vivencial, alí onde eles e elas gañan e onde está a realidade; sacaremos a intervención dos despachos, das aulas, dos espazos de traballo onde nos podemos sentir máis cómodos/as, ao campo do ti a ti: *expresa* o que levas dentro, xestícula, mostra a túa dor e o teu noxo, aí é onde está a realidade. E a partir dela, téndoa sempre presente, debemos traballar, posicionarnos, revisar a nosa acción.

Montse Roca Queimadelos
Educadora Social

SEMINARIO DE INTRODUCCIÓN Á SUPERVISIÓN E COACHING

Organiza: Indiálogo, Instituto de Formación y Desarrollo Profesional y Personal.
Lugar: Casa das Asociacións (Antiga estación de Cornes, Conxo - Santiago de Compostela)
Datas: 3, 4 e 5 de xuño.
Docentes: Carmina Puig Cruells e Susanne Rieger.
Inscripción e información: 185€. Contactar con Pepa Vázquez. Tlf. 680130933 / 986848159 / pepa1@cgrtrabajosocial.es Inscripción ata o 15 de maio.

Descrición: A supervisión é a análise da práctica dos seus profesionais. É un metatraballo que se sitúa entre a formación e o apoio profesional, conducida por un consultor externo á organización.
 Trátase dun proceso e unha relación que revisa o quefacer profesional e os sentimentos que o acompañan, e contrasta os marcos teóricos coa praxe cotiá dos profesionais. Serve para reflexionar e ser capaces de ver as cousas desde outra perspectiva. É, en moitos ámbitos profesionais, unha actitude importante para unha boa actuación.

III ENCONTRO DE TEATRO DO OPRIMIDO

Organiza: Xandobela, xestión e dinamización sociocultural.
Lugar: Biblioteca da Obra Social Caja Madrid (Rúa Casas Reais, nº14 - Santiago de Compostela)
Datas: 16 e 17 de abril.
Docente: Nuno da Silva.
Inscripción: Gratuíta, a partir do luns 5 de abril na mesma biblioteca. 20 prazas.
Descrición: O Teatro do Oprimido é un sistema de xogos e técnicas teatrais específicas que axudan a calquera persoa (non necesariamente actor ou actriz) a usar unha linguaxe teatral, que permite a través dunha análise do pasado, a comprensión do presente, posibilitando a presentación de novas propostas para un futuro máis xusto na e da sociedade.
 Búscase afondar no coñecemento sobre os principios e diferentes formas de Teatro do Oprimido, nomeadamente o Teatro da Imaxe, e traballar sobre o modelo de espectáculo de teatro fórum. Intentarase construír un espectáculo de raíz sobre un tema escollido polas persoas participantes: técnicas de ensaio, personaxes, estrutura...
 Farase unha presentación pública do traballo desenvolvido no obradoiro o sábado 17 de abril a partir das 21h. na propia biblioteca.

NOVAS DOS BOLETÍNS

EMPREGO

Concello de Vimianzo (A Coruña): Oferta de emprego público. Unha praza de Educador/a familiar e un posto de Técnico/a desenvolvemento rural. DOG 01/03/10
Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo (Pontevedra): Oferta de emprego público. Unha praza de Educador/a familiar, tres de Profesor/a de educación de adultos, unha de Técnico/a en cultura, unha de Técnico/a en educación, unha de Coordinador/a da ludoteca, tres de Animador/a sociocultural e unha de Técnico/a de emprego. DOG 01/03/10
Concello de Culleredo (A Coruña): Convocatoria e bases específicas de tres prazas de Educador/a social. BOP de 04/03/10
Concello de Mos (Pontevedra): Oferta de emprego público. Unha praza de Técnico/a local de emprego. DOG 08/03/10
Concello de Palas de Rei (Lugo): Convocatoria para a provisión en propiedade dunha praza de Axente de desenvolvemento local. Bases: BOP 24/02/10 Anuncio: DOG 16/03/10.
Concello de Caldas de Reis (Pontevedra): Oferta de emprego público. Unha praza de Axente de igualdade e unha de Animador/a sociocultural. DOG 17/03/10
Concello de Culleredo (A Coruña): Oferta de emprego público. Unha praza de Axente desenvolvemento local, unha de Mediador/a social, unha de Técnico/a animación sociocultural e unha de Animador/a cultural. BOP 18/03/10
Concello de Narón (A Coruña): Oferta de emprego público. Unha praza de Técnico/a xestión sociocomunitaria, unha de Técnico/a grado medio educación social, e unha de Coordinador/a actividades culturais. BOP 18/03/10
Deputación Provincial de Ourense: Convocatoria e bases de selección, como persoal laboral temporal. Unha praza de Axente de emprego e desenvolvemento local e unha de Monitor/a sociocultural. BOP 24/03/10
Concello de Redondela (Pontevedra): Bases específicas que regulan a convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral. Dúas prazas de Axente de emprego e desenvolvemento local, unha de Técnico/a de xuventude/consumo/servizos, e unha de Educador/a social. BOP 25/03/10
Concello de Oleiros (A Coruña): Bases xerais e específicas que rexerán nos procedementos de selección de persoal experto docente para a impartición de cursos de formación ocupacional. Unha praza de docente para o curso *Empregador/a do fogar*, da familia de servizos socioculturais e á comunidade. BOP 29/03/10
Concello de Ferrol (A Coruña): Oferta de emprego público e bases xerais. Dúas prazas de Animador/a Sociocultural. BOP 29/03/10

OUTROS

Consellería de Traballo e Benestar: Orde pola que se establecen as bases das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais. DOG 01/03/10
Consellería de Traballo e Benestar: Orde pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais. DOG 01/03/10
Xefatura do Estado: Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reproductiva e da interrupción voluntaria do embarazo. BOE 04/03/10
Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación: Resolución pola que se convocan subvencións ás ONGD para proxectos de cooperación para o desenvolvemento, incluídos os de Educación para o Desenvolvemento en España. BOE 05/03/10
Universidade de Santiago de Compostela: Resolución pola que se publica o plan de estudos de Graduado en Educación Social. BOE 05/03/10
Ministerio de Igualdade: Resolución pola que se publica o Convenio de colaboración entre o Ministerio de Igualdade e a Comunidade Autónoma de Galicia para a realización de programas de reeducación de maltratadores. BOE 08/03/10

Ministerio da Presidencia: Real Decreto 203/2010, de 26 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de prevención da violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte. BOE 09/03/10
Ministerio de Educación: Resolución pola que se convoca o concurso nacional de boas prácticas para o impulso e mellora da convivencia, para o curso escolar 09-10. BOE 11/03/10
Ministerio de Sanidade e Política Social: Resolución pola que se publica o Acordo en materia de órganos e procedementos de valoración da situación de dependencia. BOE 12/03/10
Ministerio de Sanidade e Política Social: Resolución pola que se publica o Acordo para a mellora da calidade da prestación económica para coidados no entorno familiar do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia. BOE 12/03/10
Consellería de Traballo e Benestar: Orde pola que se establecen as bases de subvencións para o desenvolvemento de programas que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social. DOG 16/03/10
Xefatura do Estado: Instrumento de Ratificación da Convención Iberoamericana de Dereitos da Mocidade, feito en Badajoz o 11 de outubro de 2005. BOE 18/03/10
Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación: Orde pola que se modifica a Orde que establece as bases reguladoras para a concesión, mediante convocatoria aberta e permanente, de subvencións para actividades de cooperación e axuda ao desenvolvemento. BOE 18/03/10
Consellería de Traballo e Benestar: Orde pola que se establecen as bases das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro. DOG 22/03/10
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Orde pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións para proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, para actividades de educación para o desenvolvemento e para a consolidación e fortalecemento de ONGDs. DOG 22/03/10
Ministerio de Traballo e Inmigración: Resolución pola que se convoca a concesión de subvencións na área de integración dos inmigrantes, solicitantes de asilo e outras persoas con protección internacional. BOE 22/03/10
Deputación de Pontevedra: Bases das subvencións dirixidas a entidades de iniciativa social con sede social ou delegación permanente e continua na provincia de Pontevedra, para a realización de proxectos de servizos sociais especializados. BOP 23/03/10
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: Orde pola que se establecen as bases e se convocan subvencións para o cofinanciamento do Programa de apertura de centros educativos públicos fóra do horario lectivo nos concellos de Galicia. DOG 25/03/10
Consellería de Traballo e Benestar: Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG 26/03/10
Ministerio de Sanidade e Política Social: Real Decreto 374/2010, de 26 de marzo, sobre as prestacións económicas da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia para o exercicio 2010. BOE 27/03/10
Ministerio de Sanidade e Política Social: Real Decreto 373/2010, de 26 de marzo, polo que se determina o nivel mínimo de protección garantido aos beneficiarios do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia para o exercicio 2010. BOE 27/03/10